

DECRETO

Asunto: Medidas organizativas necesarias para a xestión da administración electrónica no Concello de Lugo

Dende que a Lei 11/2007, de 22 de xuño, de Acceso Electrónico dos Cidadáns aos Servizos Públicos (hoxe derogada pola Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas) recoñeceu o seu dereito a relacionarse electronicamente coas administracións públicas, así como a obriga destas a garantir ese dereito, iniciouse un proceso de modernización da Administración Pública Española que busca un mellor servizo aos cidadáns a través da tecnoloxía.

O Concello de Lugo iniciou a implantación dun novo modelo de administración, unha administración moderna, eficiente, áxil, transparente, cunha misión inequívoca de servizo público. Dotouse dunha estrutura tecnolóxica, organizativa e normativa necesaria para estes fins.

Pero a rápida evolución tecnolóxica e os avances nas solucións para a xestión das administracións públicas supoñen por unha banda, a rápida obsolescencia dalgunhas aplicacións empregadas polo concello e por outra, a aparición de novas ferramentas que favorecen a eficacia e a eficiencia da xestión dos procedementos administrativos incorporando actualizacións tecnolóxicas, normativas, de interoperabilidade e accesibilidade.

Na implantación da administración electrónica foronse resolvendo novas necesidades, funcións e tarefas que se acomodaron dentro da estrutura organizativa, e que supuxeron novas modalidades de traballo que neste proceso continuo se deben mellorar e adaptar.

Neste contexto considérase precisa a creación dunha comisión técnica que impulse e informe no proceso de cambio e modernización tanto do xestor de expedientes como das distintas aplicacións que por obsolescencia ou polo próximo vencemento dos contratos de mantemento deben ser mudadas.

De conformidade co exposto, e no uso das competencias conferidas á Alcaldía no artigo 124.4 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, **RESOLVO:**

Primeiro.- Crear a Comisión técnica de xestión da Administración Electrónica do Concello de Lugo, que funcionará como un grupo de traballo interdisciplinar que, asesorará na contratación das distintas aplicacións informáticas, encargarse da adopción de cantas medidas de carácter transversal,

ACTAS E GOBERNO

MGF

Refª: ispac8406946816291966236.doc

Asunto: CREACIÓN DA COMISIÓN TÉCNICA DE XESTIÓN DA ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA DO CONCELLO DE LUGO

técnicas ou organizativas sexan precisas para asegurar a efectividade e funcionamento da Administración electrónica e materias conexas.

As súas directrices e instrucións serán de aplicación a toda a organización municipal.

Segundo.- A Comisión estará integrada polos seguintes membros:

- Xefe/a de servizo de contratación.
- Xefe/a de servizo de Informática.
- Tesoureiro/a.
- Interventor/a Xeral.
- Titular da Asesoría Xurídica.
- Vicesecretario/a
- Secretario/a xeral do Pleno que actuará como secretario/a da comisión.

Terceiro.- A Comisión deberá constituírse formalmente na primeira reunión que celebre, na cal ademais poderá fixar as súas normas de funcionamento no relativo a distribución de tarefas, priorización de asuntos, formalización de convocatorias de reunións, periodicidade e calendarización destas, formalización de protocolos para levantamento de actas, emisión de informes e propostas, etc.

Cuarto.- A Comisión constituída, tomará as decisións que considere axeitadas respecto aos aspectos técnicos que require o funcionamento da administración electrónica e outras materias conexas no Concello de Lugo que serán inmediatamente executivas, en canto que respondan a criterios de administración ordinaria. Se, polo contrario, as decisións que corresponda adoptar afectaran á competencia dos órganos administrativos tramitarase conforme corresponda, á proposta desta Comisión.

Quinto.- Será obrigada a asistencia dos responsables, xestores ou persoal da Corporación que fosen citados ás sesións da Comisión para tratar asuntos relacionados con materias ou coa área de responsabilidade da súa competencia, así como representantes dos oferentes nos distintos procedementos de contratación que se tramiten ou contratistas adxudicatarios.

Cúmprase.